



# INDICADORES DE XÉNERO

Santiago de Compostela, 2009

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo administrativo San Lázaro  
San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 54 15 89  
Fax: 981 54 13 23  
e-mail: [ige@ige.eu](mailto:ige@ige.eu)  
<http://www.ige.eu>

**Elaboración**

Instituto Galego de Estatística

**Edita**

Xunta de Galicia  
Consellería de Economía e Facenda

**Colección**

Área de Estatísticas Sociais

## Índice

---

1. Educación.....	7
2. Emprego .....	9
3. Xustiza .....	17
4. Poder e toma de decisións .....	19
5. Condicións de vida.....	21

## Introdución

---

O interese por elaborar indicadores sociais (demográficos, de xénero, de mercado de traballo,...) foi resultado dos esforzos por estudar os efectos do crecemento económico en diversas poboacións e grupos de poboación. Concibíronse, en xeral, como valores ou patróns de interpretación relativamente fácil cos que se miden as disparidades e desigualdades, e que poden utilizarse para diagnosticar as razóns das diferenzas observadas entre grupos de poboación e para observar os cambios de tales situacións.

Os indicadores de xénero teñen a función especial de sinalar os cambios sociais en termos de relacións de xénero ao longo do tempo.

A súa utilidade centrase na capacidade para determinar:

- a situación relativa de mulleres e homes
- os cambios producidos en ambos sexos nos distintos momentos do tempo.

Permitindo polo tanto, no caso dos indicadores

de xénero, comprobar o cumprimento dos acordos levados a termo no ámbito rexional, nacional ou supranacional e facer un seguimento da situación dos homes e das mulleres.

Tal como se expón na Comunicación da Comisión “Integrar la igualdad de oportunidades entre las mujeres y los hombres en el conjunto de las políticas y acciones comunitarias” (COM(96)67 fin), en cumprimento do mandato dos artigos 2 e 3 do Tratado de Amsterdam, non se trata simplemente de promover políticas e accións específicas a favor das mulleres, se non de introducir a igualdade en forma visible respecto dos seus efectos sobre a situación respectiva dos homes e das mulleres, é dicir, unha perspectiva de xénero non de sexos, e de recoñecer as identidades masculina e feminina para instaurar unha división equilibrada das respectivas responsabilidades.

Sen embargo, non se debe confundir a promoción da igualdade cunha simple

investigación da paridade estatística, o que se pretende é a valoración e pertinencia duns indicadores que permitan ter unha visión real dos roles, estruturas e necesidades de cada xénero, así como monitorizar o cumprimento das leis e dos acordos.

A construción destes indicadores require, previamente, da necesidade de dispor de información estatística desagregada por sexos xa que é elemento esencial para fixar a proporción de mulleres e homes en cada unha das categorías socioeconómicas.

De acordo con todo iso, o IGE elaborou unha batería de indicadores agrupados nas áreas

temáticas expostas a continuación, as cales se estruturan seguindo os criterios tamén utilizados por Eurostat e o INE para a súa comparabilidade: Poboación, Educación, Emprego, Saúde, Xustiza, Poder e toma de decisións, Protección social, Condicións de vida, Cultura e ocio, Novas tecnoloxías, Emprendedores.

De entre todos os indicadores seleccionamos aquí os considerados máis representativos da realidade dos xéneros, abranguendo así parte das áreas temáticas anteriormente mencionadas.

# 1. Educación

## 1. Introducción


Nos obxectivos de desenvolvemento do Milenio formulouse como meta "Eliminar as desigualdades entre os xéneros no ensino primario e secundario, preferiblemente para o ano 2005, e en todos os niveis do ensino antes do fin do ano 2015", poñendo deste modo especial énfase na promoción da igualdade de xénero en materias de educación.

O acceso á educación e a súa xeneralización é considerado uns dos factores máis relevantes no logro da equidade de xénero dados os seus efectos positivos sobre outros indicadores sociais, como poden ser os relativos á saúde, o emprego e a pobreza, que trasladados de xeración en xeración supoñen o desencadeamento de procesos multiplicadores do benestar social. Neste sentido, cabe destacar os indubidables logros que nas últimas décadas alcanzaron os países desenvolvidos en materia de cobertura escolar.

### Poboación cursando estudos

De acordo co seguinte gráfico, nos niveis primario e secundario o índice de feminización (ou femiñidade), que neste caso indica o número de mulleres por cada cen homes que cursan os distintos tipos de estudos considerados, mostra que se está nunha situación próxima á equidade tanto a nivel rexional como nacional, presentándose neste último ámbito xeográfico unha redución nos dous últimos cursos académicos da Educación Secundaria Obrigatoria analizados.

Os valores rexistrados deste indicador son inferiores a 100, en Galicia. A principal explicación deste feito podemos atopala nas cifras de poboación masculina para os correspondentes tramos de idade superiores ás femininas.



Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte. Estadística de las Enseñanzas no universitarias.

No caso dos Programas de Garantía Social conséntanse diferenzas entre homes e mulleres, o cal pode ter a súa explicación nunha porcentaxe de homes que non finalizaron a Educación Superior Obrigatoria moito máis elevado que o das mulleres.

## Programa de Garantía Social

Unidade: Mulleres por cada 100 Homes.

Curso	Galicia	España
2000/2001	39,4	48,3
2001/2002	46,6	47,0
2002/2003	48,5	47,4
2003/2004	48,1	48,7
2004/2005	46,1	48,6
2005/2006	44,9	48,6
2006/2007	47,8	50,5

Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte. Estadística de las Enseñanzas no Universitarias

Para os estudos de Bacharelato os índices de feminización rexistran valores superiores a 120, mostrando así unha maior presenza feminina neste tipo de estudos.


## Bacharelato

Unidade: Mulleres por cada 100 Homes.

Curso	Galicia	España
2000/2001	122,6	117,4
2001/2002	127,8	121,3
2002/2003	130,4	122,2
2003/2004	127,9	123,0
2004/2005	126,7	121,6
2005/2006	126,2	120,9
2006/2007	128,5	121,5

Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte. Estadística de las Enseñanzas no Universitarias

No referente aos Ciclos Formativos de Formación Profesional, estes indicadores presentan unha tendencia crecente. No grao medio existe unha diferenza na cobertura educacional en prexuízo das mulleres, mentres que no grao superior as mulleres igualan ou superan as taxas de matriculación masculina a partir do curso 2002-2003.



Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte. Estadística de las Enseñanzas no Universitarias.

Finalmente, con respecto aos estudos universitarios, os índices de feminización

mostran unha situación considerablemente favorable para as mulleres, tanto en Galicia como a escala nacional.

## Estudos universitarios


Unidade: Mulleres por cada 100 Homes.

Curso	Galicia	España
2000/2001	131,5	114,6
2001/2002	132,3	115,9
2002/2003	132,7	115,8
2003/2004	133,8	120,2
2004/2005	133,9	118,2
2005/2006	133,3	118,6
2006/2007	134,5	119,1

Fonte: INE Estadística de la Enseñanza universitaria

Non obstante, consultando a información contida na táboa seguinte constatamos acusadas diferenzas en canto ao tipo de ensino universitario.

Podemos observar que no caso de estudos de Licenciatura e Diplomatura a matriculación feminina é moi superior á masculina, mentres que este comportamento se inverte nos estudos de Arquitectura e Enxeñarías, tanto técnicas como superiores.



Fonte: INE. Estadística de la Enseñanza universitaria

## 2. Emprego

### 2. Introducción

Dada a súa posición estratéxica respecto ao acceso a outros recursos sociais, o emprego constitúe un dos principais ámbitos nos que se evidencia o peso do enfoque de xénero.

#### 2.1. Taxa de emprego

Definimos a taxa de emprego como o cociente entre a Poboación ocupada e a Poboación de 16 e máis anos.

Nos últimos anos, en consonancia co sucedido no mercado de traballo en España, a taxa de emprego en Galicia presenta unha

tendencia crecente. Se analizamos as taxas de emprego segundo tramos de idade advírtese, como cabía esperar, que os niveis máis elevados se concentran entre os 25 e 54 anos, aínda que con diferenzas para ambos os dous sexos neste grupo de idade.

O dato do ano 2007 mostra que a taxa de emprego foi do 75,7% para as mulleres, mentres que a taxa masculina alcanzou o 90,6%.

#### Taxa de emprego segundo grupos de idade

Unidade: Porcentaxe

Anos	De 16 a 24 anos				De 25 a 54 anos				De 55 e máis anos			
	Galicia		España		Galicia		España		Galicia		España	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
2000	36,2	47,9	29,1	40,9	67,1	91,3	51,0	85,6	13,4	23,5	7,7	23,9
2001	31,7	45,3	30,0	43,3	64,4	88,7	52,9	85,8	13,8	24,2	8,1	25,0
2002	32,9	46,0	30,5	43,2	66,5	89,3	54,4	85,7	12,7	24,5	8,3	25,3
2003	37,7	49,2	31,2	43,4	69,7	90,6	56,6	85,9	12,8	24,4	8,9	25,8
2004	37,7	50,1	32,0	44,5	72,4	90,5	58,9	86,1	13,3	25,0	9,5	25,9
2005	42,5	50,9	35,8	47,7	70,4	89,8	61,5	86,9	13,3	25,5	10,7	27,0
2006	39,0	49,9	37,7	48,6	74,2	89,6	63,7	87,6	13,3	24,6	11,2	27,5
2007	36,6	53,2	37,0	48,5	75,7	90,6	65,7	87,6	12,5	24,9	11,8	27,4

Fonte: INE. Encuesta de Población Activa

Estas disparidades reflíctense tamén no resto de grupos de idade, sobre todo a escala nacional, sendo o grupo de 55 e máis anos o que presenta disparidades entre homes e mulleres máis acentuadas, tal e como mostra o indicador de xénero obtido como a relación en termos porcentuais entre a taxa de emprego feminina e a masculina.

#### Taxa de emprego segundo grupos de idade. Indicador

Unidade: Mulleres por cada 100 Homes.

Anos	De 16 a 24 anos		De 25 a 54 anos		De 55 e máis anos	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
2000	75,6	71,1	73,5	59,6	57,0	32,0
2001	70,0	69,4	72,6	61,6	57,0	32,5
2002	71,5	70,6	74,5	63,5	51,8	32,9
2003	76,6	71,8	76,9	65,9	52,5	34,4
2004	75,2	71,8	80,0	68,4	53,2	36,5
2005	83,5	75,2	78,4	70,7	52,2	39,6
2006	78,2	77,6	82,8	72,7	54,1	40,8
2007	68,8	76,3	83,6	74,9	50,2	43,0

Fonte: INE. Encuesta de Población Activa

Para as provincias galegas, ata o 2006 a maior equidade por grupos de idade preséntase no tramo central (de 25 a 54 anos), a excepción de Pontevedra onde, ao igual que no conxunto do Estado, a diferenza existente entre homes e mulleres é menor no caso dos máis novos.

Seguindo coa análise da variabilidade, cabe

destacar que o indicador de xénero obtido mostra unha maior heteroxeneidade para as catro provincias no grupo de idade que comprende dos 16 aos 24 anos, a diferenza do que acontece no conxunto de España, onde a maior variabilidade se reflicte no grupo de idades superiores a os 55 anos.

#### Taxa de emprego segundo grupos de idade por provincias. Indicador


Unidade: Mulleres por cada 100 Homes.

Anos	De 16 a 24 anos				De 25 a 54 anos				De 55 e máis anos			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2000	64,1	86,0	78,0	83,9	70,7	80,0	76,3	73,6	49,6	73,7	65,4	54,3
2001	67,7	61,4	59,9	75,7	69,9	80,3	72,0	73,3	52,4	73,9	52,2	56,5
2002	65,6	45,4	63,4	86,3	73,5	81,7	75,1	72,7	50,4	60,6	58,8	47,1
2003	74,6	60,4	67,2	83,8	77,4	81,0	75,6	75,3	51,0	68,6	50,2	48,1
2004	79,7	87,9	75,6	67,5	79,6	81,0	77,2	80,8	52,3	61,3	58,6	47,5
2005	88,3	65,1	87,0	84,5	79,1	78,7	77,2	77,9	58,2	54,7	54,4	43,5
2006	83,2	65,2	78,9	78,0	82,2	88,6	84,7	81,0	64,3	53,3	58,1	42,4
2007	70,2	69,1	61,4	69,2	82,2	87,4	86,7	83,1	52,2	60,7	43,7	47,2

Fonte: INE. Encuesta de Población Activa

## 2.2. Ocupación

Por outra banda, resulta de grande interese acompañar esta análise das taxas de emprego con datos referidos á poboación ocupada con xornada a tempo parcial, por considerarse un importante aspecto diferenciador do traballo feminino e masculino. Como se pode observar no seguinte gráfico, o número de persoas con este tipo de xornada creceu substancialmente nos últimos anos, sendo as taxas de crecemento rexistradas para as mulleres moi superiores as que presentan os varóns.



Fonte: INE. Encuesta de población activa

Neste contexto, o índice de feminización galego, situado para todos os anos estudados en niveis inferiores ao nacional, indícanos que



por termo medio durante o período considerado, máis de 300 mulleres por cada 100 homes están ocupadas cun tipo de xornada a tempo parcial.

### Ocupados a tempo parcial

Unidade: Mulleres por cada 100 Homes.

Ano	Galicia	España
2000	391,9	350,7
2001	300,0	360,1
2002	334,1	391,8
2003	347,2	407,3
2004	294,2	408,1
2005	313,3	356,3
2006	338,8	365,1
2007	338,7	387,2

Fonte: INE. Encuesta de Población Activa

En canto á poboación ocupada por tipo de ocupación, podemos observar a existencia dunha desigual distribución do traballo.

Atendendo a esta situación diferencial de homes e mulleres nos distintos sectores da actividade económica, en Galicia no ano 2007, as actividades que contan cunha participación feminina superior á dos homes son, en orde decrecente: os traballos de tipo administrativo, os correspondentes ao sector comercio e a hostalaría, os traballos profesionais, científicos e intelectuais e finalmente os non cualificados.

### Poboación ocupada por ocupación

Unidade: Número de mulleres por cada 100 homes

Ano	Dirección das empresas e da Admón Pública	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Trab. de servizos de restauración, personalis, protección e vendedores de comer.	Traballadores cualificados en agricultura e pesca	Artesanos e traball. cualif. de indus. manufact. constr. e minería, excepto operadores de maquinaria	Operadores de instalacións e maquinaria; montadores	Traballadores non cualificados	Forzas Armadas
Galicia										
2000	61,2	111,4	56,0	150,0	154,1	109,6	12,5	21,8	84,3	6,8
2001	63,7	104,5	56,9	176,4	178,5	96,4	13,6	20,0	96,6	4,9
2002	57,0	112,2	57,7	169,5	171,7	94,8	14,4	21,3	91,5	1,9
2003	59,2	111,8	61,6	200,4	181,5	100,8	11,4	16,6	96,1	10,9
2004	53,2	115,6	70,1	184,8	184,5	100,6	13,3	16,4	111,8	25,4
2005	57,6	124,8	73,3	189,4	187,0	89,6	12,2	26,9	117,1	10,3
2006	69,6	131,2	75,7	223,9	199,8	92,4	11,3	25,5	118,2	18,7
2007	69,1	126,6	74,1	234,3	200,0	84,2	9,6	27,2	122,5	11,0
España										
2000	45,4	94,3	65,2	150,8	134,6	32,8	8,0	17,8	15,4	6,8
2001	47,0	96,0	69,0	153,7	143,3	30,6	7,5	17,8	91,0	8,3
2002	44,6	97,8	73,6	155,2	146,8	31,3	7,1	16,7	96,5	9,0
2003	43,0	101,7	74,5	168,6	157,5	32,4	6,9	15,4	98,5	9,3
2004	47,2	100,7	78,1	184,6	163,5	28,6	7,5	15,1	101,0	15,8
2005	47,1	105,5	80,3	179,2	163,4	27,0	8,1	14,7	107,5	10,6
2006	46,4	107,7	79,9	185,3	167,2	27,8	7,5	14,2	113,7	11,2
2007	47,1	111,6	80,3	188,7	175,6	28,5	6,6	15,4	120,6	10,9


Fonte: INE. Encuesta de Población Activa

Esta información contrasta cos indicadores de feminización obtidos para o resto de ocupacións, onde a presenza das mulleres é moi inferior á dos varóns, sendo os sectores da construción e minaría, os referidos a instalacións e maquinaria e os traballos nas Forzas Armadas os que mostran os índices máis baixos.

Por último, cabe mencionar que un trazo característico da Comunidade galega, non reflectido a nivel nacional, é no caso dos traballos cualificados en agricultura e pesca, onde a diferenza existente entre ocupación feminina e masculina é escasa.


Nos gráficos e na táboa seguintes móstrase información relativa aos asalariados segundo o tipo de contrato.

En Galicia os contratos de duración indefinida mostran para o período analizado taxas de variación respecto ao ano 2000 negativas, agás no ano 2007, para as mulleres e positiva para os varóns.



Fonte: INE. Encuesta de Población Activa.

O comportamento das taxas de variación para España no mesmo período de tempo analizado é semellante ao que sucede para Galicia agás nos anos 2006 e 2007.



Fonte: INE. Encuesta de Población Activa.

Con estes datos temos un índice de feminización inferior a 100, a pesar de que as discrepancias entre sexos non son severas. Pola contra, os contratos de duración temporal, presentan índices que revelan unha maior participación feminina, datos que se mostran a continuación.

#### Asalariados segundo tipo de contrato. Indicador

Unidade: Mulleres por cada 100 Homes.


Año	Duración indefinida		Duración temporal	
	Galicia	España	Galicia	España
2000	97,6	95,3	104,6	110,6
2001	96,1	94,1	107,8	113,4
2002	92,7	93,0	114,8	116,4
2003	93,5	93,3	113,5	115,7
2004	91,7	93,4	117,4	115,0
2005	95,0	93,4	109,9	115,0
2006	90,2	93,4	120,9	115,0
2007	90,2	93,4	120,9	115,0

Fonte: INE. Encuesta de Población Activa

### 2.3. Paro e inactividade

No referente á taxa de paro, como se observa no seguinte gráfico as taxas de desemprego feminino son maiores que as masculinas en todos os anos, tal e como reflecte o indicador de xénero, calculado neste caso como a

relación en termos porcentuais entre a taxa de paro das mulleres e a taxa de paro dos varóns.



Fonte: INE. Encuesta de Población Activa

A información recollida na táboa que figura a continuación correspóndese coas persoas inactivas segundo a súa situación de inactividade. Require unha especial atención a agrupación referida aos labores do fogar, dados os seus elevados índices de feminización

#### Poboación inactiva segundo situación de inactividade. Indicador

Unidade: Número de mulleres por cada 100 homes

Ano	Estudantes		Xubilados e prexubilados		Labores do fogar		Incapacitados para traballar		Pensionistas (non por xubilación)		Outras situacións	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
2000	116,6	115,9	79,6	40,2	13.515,8	9.784,8	68,9	82,5	523,3	1.078,4	29,1	54,5
2001	123,0	120,1	78,0	39,8	8.600,0	7.759,2	65,5	87,2	709,8	1.142,6	19,0	44,8
2002	119,7	115,8	75,1	39,7	6.369,8	6.408,0	94,1	92,7	647,9	1.268,5	23,3	54,9
2003	114,4	117,2	75,8	39,7	3.312,7	5.959,2	97,0	89,2	699,3	1.370,5	18,9	55,8
2004	120,1	118,6	75,3	39,4	2.278,3	5.115,3	94,0	87,2	794,9	1.310,4	19,5	51,6
2005	113,4	120,2	78,9	47,7	1.534,1	2.264,8	116,4	134,9	742,7	774,3	52,2	58,5
2006	118,9	119,4	79,1	46,8	1.314,9	1.930,3	125,2	128,0	696,8	887,9	35,5	45,7
2007	126,1	118,1	79,8	48,4	1.155,7	1.754,8	136,9	131,7	770,4	774,9	39,5	54,7

Fonte: INE. Encuesta de Población Activa.

No ano 2007 en Galicia 1.156 mulleres por cada 100 homes dedicábanse a labores do fogar, alcanzándose en España a cifra de 1.755.

A pesar de tratarse de datos por enriba do desexable en canto á equidade de xénero, estes víronse notoriamente reducidos durante o período de estudo, xa que en Galicia este

indicador se reduciu un 91% fronte á redución nacional do 82% durante o período de estudo.

É tamén destacable o comportamento do grupo "estudantes", onde os índices son superiores a 100 durante todo o período 2000-2007, indicando deste modo a maior presenza feminina neste grupo de inactividade.

A seguinte táboa presenta información relativa aos permisos de maternidade para o período 2004-2007, mostrando que, tanto para Galicia coma para España, son as mulleres as que toman o groso dos permisos, en torno ao 98% do total.

#### Permisos de maternidade e paternidade

Unidade: Porcentaxe

Ano	Galicia		España	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
2004	98,3	1,7	98,4	1,6
2005	98,1	1,9	98,2	1,8
2006	98,2	1,8	98,4	1,6
2007,0	98,4	1,6	98,4	1,6

Fonte: Instituto de la Mujer. Ministerio de igualdad

Nota: O volume de perceptores de maternidade xestionados polo INEM en 2004 e 2005 están referidos a Novembro

A última táboa que presentamos no contexto do mercado laboral é a referida ao nivel emprendedor, concretamente referida ao índice de actividade emprendedora total, coñecido como TEA (Total Entrepreneurial Activity Index), que permite cuantificar o nivel emprendedor dunha rexión e comparalo co doutras rexións.

Para comprender o significado deste indicador é imprescindible ter en conta a definición de emprendedor no ámbito do proxecto GEM (Global Entrepreneurship Monitor.), segundo o cal, "empresarios activos son todos os adultos (entre 18 e 64 anos) que se achan inmersos no proceso de posta en marcha dun negocio ou empresa, do cal van posuír parte ou todo e/ou que, actualmente, son propietarios-xerentes dun negocio ou empresa nova. Esta definición inclúe o autoemprego".

Deste modo, a actividade emprendedora estase a medir como a porcentaxe de iniciativas declaradas por persoas de entre 18 e 64 anos. As devanditas porcentaxes, elevadas á poboación de referencia, proporcionan unha estimación do número de iniciativas emprendedoras.

Para os anos estudados, o índice TEA dos varóns, tanto a nivel nacional coma no caso de Galicia, é máis elevado que o índice das mulleres.

O nivel emprendedor da muller galega no ano 2005 é igual ao español, un 4,2%, mentres que o masculino se sitúa por debaixo, alcanzando un valor do 6,7% en Galicia e do 7,2% en España.

No ano 2006, os varóns presentan un índice TEA do 6,82%, que permanece relativamente estable respecto ao do ano anterior, mentres que o índice español crece ata alcanzar a cota do 8,83%. No referente ao indicador feminino, a pesar de observarse un maior crecemento, estimado no 5,23%, o nivel de emprendedoras pasa a ser algo inferior ao español, situado este no 5,7%, o cal experimentou un notable aumento en relación ao ano 2005.

En canto ao ano 2007 dicir que se incrementa o índice TEA para as mulleres galegas que supera así o das mulleres a nivel nacional. Respecto a os homes o nivel emprendedor aumenta tanto en España coma en Galicia, sendo na Comunidade moi significativo ese incremento pasando dun 6,8% a un 9,0%.

---

### Nivel emprendedor

Unidade: TEA

Ano	Galicia		España	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
2005	4,2	6,7	4,2	7,2
2006	5,2	6,8	5,7	8,8
2007	6,3	9,0	5,5	9,8

Fonte: CEG, CEEI Galicia SA, USC. Global Entrepreneurship Monitor. Informe Ejecutivo Galicia 2007, 2006 e 2005.

---


A pesar de que a porcentaxe do nivel emprendedor masculino é superior ao da poboación feminina, cabe destacar que Galicia sitúase nunha posición relativamente equilibrada dende a perspectiva de xénero, sendo a diferenza entre homes e mulleres menor que a habida a escala nacional ata o ano 2007 no que a diferenza entre homes e mulleres vese incrementada nun 67%.

### 3. Xustiza

Agora preséntanse os datos relativos ás denuncias por malos tratos producidos pola parella ou ex parella. Segundo esta información, as denuncias realizadas polas mulleres rexistraron taxas de crecemento positivas durante o período estudado.

Dende o ano 2002 ao 2007 estas aumentaron un 23% en Galicia e un 11% en España.

No caso dos homes, o crecemento foi moito menos acusado, xa que as taxas tanto a escala rexional como nacional foron do 1%.



Fonte: Instituto de la Mujer. Ministerio de Igualdad.

Por outra banda, é preciso facer mención das elevadas taxas de feminización con tendencia crecente en ambos os dous ámbitos xeográficos, sendo maiores as correspondentes ao conxunto de España como mostra a seguinte táboa de datos.

#### Denuncias por malos tratos

Unidade: Mulleres por cada 100 Homes.

Ano	Galicia	España
2002	443,1	527,2
2003	486,1	565,3
2004	524,3	604,4
2005	503,1	539,3
2006	525,6	568,4
2007	538,5	581,1

Fonte: Instituto de la Mujer. Ministerio de Igualdad.

Respecto a poboación reclusa dicir que a taxa de feminización é igual ou menor a un 10% tanto para España como para Galicia como figura na seguinte táboa.

#### Poboación reclusa. Indicador

Unidade: Mulleres por cada 100 Homes.

Ano	Galicia	España
2000	9,0	8,8
2001	7,5	8,9
2002	6,5	8,7
2003	5,6	8,5
2004	5,1	8,3
2005	5,8	8,5
2006	5,9	8,7

Fonte: Ministerio del Interior. Anuario Estadístico

## 4. Poder e toma de decisións

A presenza das mulleres nos altos cargos políticos é moi inferior á dos varóns, sendo a situación máis acusada na Comunidade galega que a escala nacional.

Neste senso destaca o caso das Deputacións Provinciais na Comunidade galega nas que os seus Presidentes provinciais son todos homes para todo o período de tempo considerado.

En canto as alcaldías, mencionar que a presenza masculina é maioritaria sendo dun 97%, 96% e dun 92% nos anos 1999, 2003 e 2007 respectivamente.

### Alcaldías

Unidade: Porcentaxe


Ano	Galicia		España	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
1999	3,2	96,8	9,6	90,4
2003	4,5	95,5	12,6	87,4
2007	8,0	92,0	14,6	85,4

Fonte: Instituto de la Mujer. Ministerio de Igualdad.

Nota: Os datos de 2007 son provisionais.


Os datos sobre o número de mulleres e homes empregados en diversos niveis dos gobernos mostran que os casos nos que se rexistraron un aumento da representación feminina son debidos a adopción de medidas

de acción positiva explícitas, coñecidas como leis de cotas. Véxase por exemplo o caso dos Deputados nos parlamentos autonómicos a partir do ano 2001 como se mostra no gráfico seguinte.



Fonte: Instituto de la Mujer. Ministerio de Igualdad

Para o Congreso dos Deputados a aproximación a unha porcentaxe do 50% é patente como figura no seguinte gráfico.



Fonte: Instituto de la Mujer. Ministerio de Igualdad.

## 5. Condicións de vida

### 5.Introdución

---

Os datos mostrados a continuación son os obtidos da enquisa Condicións de vida das familias que ten como poboación de referencia a poboación de 16 e máis anos.

Definiremos tamén a continuación persoa principal do fogar, persoa de referencia, sustentador principal e núcleo familiar.

Persoa de principal: o criterio para determinar a persoa principal do fogar é o seguinte:

- \_ A persoa principal do fogar é a persoa de referencia se é ocupada.
- \_ No caso de que non sexa ocupada, será o seu cónxuxe ou parella sempre que sexa ocupado.
- \_ No caso de que non teña parella ou esta non sexa ocupada, será o fillo maior de idade que estea ocupado.
- \_ No caso de non existir esa persoa, a persoa principal será o pai ou a nai da persoa de referencia se é ocupada.

Se non cumpre ningunhas das condicións anteriores, a persoa principal é a persoa de referencia.

Persoa de referencia: a persoa de referencia é aquela que sexa considerada polos membros do fogar como o cabeza de familia.

Se nun fogar non é posible determinar a persoa de referencia, establecerase que esta sexa a que proporciona a información sobre o resto das persoas do fogar.

Núcleo familiar: o núcleo familiar expresa unha idea restrinxida da familia, limitada aos

vínculos de parentesco máis estreitos. O núcleo familiar está composto por un pai ou unha nai con fillos, ou por unha parella con ou sen fillos.

Para formar parte dun núcleo familiar, os fillos non deben estar emparellados ou a parella non ser membro do fogar.

Ademais, para a determinación dos núcleos familiares deben terse en conta os seguintes criterios:

- \_ A relación pai/nai- fillo ten sempre preferencia sobre a de fillo- pai/nai.
- \_ A relación de parella ten sempre preferencia sobre a relación fillo- pai/nai.

Sustentador principal: é a persoa membro do fogar que tivera os maiores ingresos no último ano.

No caso de ser varias as que tiveran o mesmo ingreso máximo aplícase o seguinte criterio:

- \_ Se algunha das persoas con ingresos similares máximos é a persoa de referencia esta será o sustentador principal.
- \_ De non estar a persoa de referencia entre as que teñen o mesmo ingreso máximo, o sustentador principal será aquela que teña a menor idade delas.

### 5.1 Persoa principal

---

En canto á persoa definida como principal no fogar, os índices de feminización para Galicia mostran, en todos os grupos de idade e para todo o período analizado valores inferiores a



100 como figura na seguinte táboa pero cunha tendencia crecente no período analizado, é dicir entre os anos 2001 e 2007.

Persoa principal do fogar segundo idade. Indicador				
Unidade: Mulleres por cada 100 Homes.				
Ano	Menos de 30 anos	De 30 a 44 anos	De 45 a 64 anos	De 65 e máis anos
2001	47,3	25,8	31,8	82,5
2002	49,1	28,4	31,9	78,6
2003	60,9	27,4	38,5	78,8
2004	58,0	30,0	33,8	73,3
2005	62,7	31,5	34,5	76,5
2006	55,4	32,7	36,2	75,8
2007	44,5	44,5	48,3	88,9

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

O grupo de maiores de 65 anos é aquel onde se presentan as menores disparidades entre homes e mulleres, o cal concorda coa información recollida na táboa que se mostra a continuación, onde pode observarse que o estado civil de viuvez é o que reflicte índices de feminización máis elevados.

Seguindo coa análise por grupos de idade, cabe destacar a tendencia crecente que presenta a variable número de mulleres consideras como persoa principal para os outros dous tramos de idade estudados, é dicir, para as persoas de menos de 65 anos e maiores de 30.

Persoa principal do fogar segundo estado civil. Indicador					
Unidade: Mulleres por cada 100 Homes.					
Ano	Solteiro/a	Casado/a	Viuvo/a	Separado/a	Divorciado/a
2001	71,1	14,3	437,4	148,5	100,0
2002	72,3	13,0	354,3	133,9	157,7
2003	71,9	15,5	363,3	133,7	162,7
2004	70,6	14,4	374,1	125,9	129,9
2005	69,5	14,3	394,3	141,7	166,9
2006	68,2	15,8	365,1	109,4	168,8
2007	66,0	26,0	386,0	138,0	128,0

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Por estado civil, como xa se introduciu, é no caso de viuvez, divorcio e separación onde as mulleres teñen un maior peso que os homes. Pola contra, no grupo de solteiros e casados a porcentaxe de homes considerados persoa principal do fogar é superior ao feminino, sendo no último caso onde máis acusadas son as diferenzas.

Por outra banda, esta información está en consonancia coa que se amosa na táboa seguinte e que ofrece datos sobre a persoa principal segundo a tipoloxía do fogar. Deste modo, son os fogares unipersoais, os sen núcleo e os monoparentais os que rexistran unha maior presenza feminina no referente á consideración de persoa principal do fogar.

Para o resto de tipoloxías, é dicir para os fogares constituídos por parella con fillos, parella sen fillos, un núcleo e outros e os formados por varios núcleos, as diferenzas entre homes e mulleres son moi acusadas e en prexuízo da muller. Por exemplo, no caso dos fogares constituídos por parella con e sen fillos, onde a porcentaxe de feminización está por debaixo do 30% no ano 2007 sendo aínda menor nos anos anteriores, como no ano 2002 onde apenas acada un 11% para o caso de parellas sen fillos.

### Persoa principal segundo tipoloxía do fogar. Indicador

Unidade: Mulleres por cada 100 Homes.

Ano	Unipersoal	Sen núcleo (máis dunha persoa)	parella con fillos	parella sen fillos	Monoparental	Un núcleo e outro	varios núcleos
2001	200,5	141,5	15,7	12,5	148,8	29,2	38,8
2002	173,1	173,1	15,5	10,8	135,5	38,2	33,6
2003	177,6	143,2	15,7	13,0	149,8	49,5	52,5
2004	157,4	152,6	15,2	14,0	185,7	44,5	40,6
2005	167,8	110,8	15,3	14,7	165,0	44,2	53,3
2006	160,3	130,1	16,7	17,0	172,0	46,7	48,1
2007	162,1	123,8	26,0	27,8	160,5	55,2	75,4

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

A porcentaxe de familias monoparentais de entre todas as tipoloxías de fogares recollidas na Enquisa de Condicións de vida das familias, foi aumentando do ano 2002 ano a ano 2007, tanto na media galega, como por provincias.

No ano 2002, estas familias eran ao redor do 8%, para no ano 2007 representar aproximadamente un punto máis, sobre un 9% de entre todos os fogares galegos.

### 5.2 Sustentador principal

No referente á persoa considerada como sustentador principal do fogar, a táboa seguinte reflicte para Galicia índices de feminidade, para todos os anos e grupos de idade considerados, inferiores a cen, sendo de novo as persoas de máis de 65 anos as que mostran unha menor desigualdade de xénero.

### Sustentador principal segundo idade. Indicador

Unidade: Mulleres por cada 100 Homes.

Ano	Menores de 30 anos	De 30 a 44 anos	De 45 e 64 anos	De 65 e máis anos
2001	29,3	30,3	29,1	84,8
2002	36,2	29,9	33,2	83,5
2003	45,5	36,2	33,6	80,1
2004	55,8	37,1	32,2	82,3
2005	48,0	37,6	33,1	79,7
2006	35,8	39,9	36,0	81,4

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

### 5.3 Tarefas do fogar

Para finalizar coa análise deste epígrafe consideramos necesario incluír algún comentario relativo ás tarefas do fogar. Nas táboas que se mostran a continuación preséntanse para o ano 2002 as porcentaxes de homes e mulleres galegos que realizan este tipo de tarefas atendendo a distintos grupos de idade.

A porcentaxe de varóns que realizan

estas tarefas é en todos os casos presentados inferior ao de mulleres.

Aínda que cabe destacar aos menores de 30 anos, cunha porcentaxe de homes que realizan tarefas do fogar lixeiramente superior aos outros grupos de idade. Sen embargo pódese apreciar que no caso das mulleres a porcentaxe de mulleres que realizan tarefas do fogar incrementase ca idade.

#### Persoas que realizan tarefas do fogar

*Unidade: Porcentaxe*

	Menores de 30 anos		De 30 a 50 anos		De 50 a 65 anos		De 65 e máis anos	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
A Coruña	74,2	25,8	77,1	22,9	82,1	17,9	84,8	15,2
Lugo	75,8	24,2	81,6	18,4	82,4	17,6	85,3	14,7
Ourense	70,9	29,1	78,5	21,5	80,9	19,1	83,8	16,2
Pontevedra	77,3	22,7	78,8	21,2	85,8	14,2	86,2	13,8
Galicia	75,1	24,9	78,4	21,6	83,2	16,8	85,1	14,9

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Se ademais temos en consideración outro tipo de actividades que se mostran na seguinte táboa observamos que é no coidado persoal, no que se inclúe o tempo dedicado a durmir, comidas e bebidas e outros coidados persoais, onde tanto homes como mulleres

invisten un maior tempo no transcurso do día, seguido do traballo e dos estudos.

No caso das mulleres, a continuación situaríase o fogar e a familia, mentres que para os homes están os medios de comunicación seguido das actividades vinculadas ao fogar e á familia.

## Tempo medio adicado a determinadas actividades ao longo do día

Unidade: Horas e minutos

Principais actividades	Galicia			España		
	Mulleres	Homes	Diferencia	Mulleres	Homes	Diferencia
Coidados persoais	11:34	11:43	- 0:09	11:21	11:24	- 0:03
Traballo	6:57	8:19	- 1:22	6:51	8:22	- 1:31
Estudios	5:02	5:19	- 0:17	5:09	5:18	- 0:09
Fogar e familia	4:52	2:30	2:22	4:45	2:08	2:37
Traballo voluntario e reunións	1:37	1:51	- 0:14	1:46	1:54	- 0:08
Vida social e diversión	2:14	2:24	- 0:10	2:09	2:18	- 0:09
Deportes e actividades ó aire libre	1:40	2:14	- 0:35	1:43	2:12	- 0:31
Aficións e xogos	1:45	1:55	- 0:10	1:35	1:59	- 0:24
Medios de comunicación	2:20	2:35	- 0:15	2:28	2:48	- 0:20
Traxectos e emprego do tempo non especificado	1:16	1:26	- 0:10	1:21	1:27	- 0:06

Fonte: INE. Encuesta de empleo del tiempo 2002-2003

As definicións dos conceptos utilizados pódense ver na metodoloxía incluída na páxina web.

Máis información na nosa páxina web: <http://www.ige.xunta.es>

Teléfono de información: 981.54.15.89

FAX: 981.54.13.23

e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)



Enderezo postal:

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

